

Viveiro  
Mondoñedo  
Tapia  
Rinlo  
Cubelias  
Vilalba  
Lugo

# Banda Municipal de Ribadeo

Sábado, 25 de xaneiro 1997  
8:30 da tarde  
Igrexa Parroquial



O Incio  
A Coruña  
Chantada  
Ortigueira  
Castropol  
Catro Calles  
Allariz  
Sober  
Madrid  
Ponteareas  
Barcelona  
Figueiras  
Murcia  
Santiago  
San Cibrán  
Luarca  
Melide  
Lisboa  
Loures  
A Devesa

5

Concerto  
conmemorativo do  
V aniversário  
1992-1997  
Asociación  
Amadores  
da Música

## CONSTRUCCIONES FORMADELA

Pavimentos asfálticos  
Aglomerados, drenantes y especiales

Tfno.-Fax: 985 628 643  
TAPIA DE CASARIEGO (ASTURIAS)

P R O G R A M A

**A**güero, Ana. O xenial pasodoble de Franco Ribate, para rematar, e a elegante polka de Strauss, para abrir. Duas das pezas estreadas pola *Banda Municipal de Ribadeo* no seu último concerto, o de Nadal, sempre exitoso. Pero mesmo despois da brincadeira vienesa, o drama alemán, o Coro de Peregrinos do *Tannhäuser* de Wagner, e os disparos anti-zaristas dos soldados populares finlandeses, esas Trompetas e Trombóns do poema sinfónico *Finlândia*, de Sibelius. A páxina wagneriana xa formou parte do primeiro programa de concerto da Banda, hai exactamente cinco anos. E a obra de Sibelius, desde o pasado verán no repertorio da Municipal ribadense, é unha das partituras más comprometidas das abordadas polo colectivo que celebra o seu aniversario no seu primeiro lustro de vida fronte ao público.

**B**oleros. Vivemos unha nova febre de boleros, de arrebatos paixoaís... musicais. A cantante galega Luz Casal recuperou un dos máis fermosos: *Piensa en mi*, do mexicano Agustín Lara (autor do schottis *Madrid*, outras veces tocado pola Banda), que se fixo outra vez célebre hai cinco anos precisamente, coa estrea da película *Tacones lejanos*, de Almodóvar, na que Luz lle presta a voz, a sua tremenda voz, a Marisa Paredes. De amor, e non de desamor, é a canción de Bryan Adams incluída na banda sonora de *Robin Hood: I do it for you*, coa profesora M.<sup>a</sup> Carme Rodríguez Cancelo ao Piano nesta nova interpretación da Municipal.

**C**ompromiso. Coa arte, coa vida. Eis Marcello Mastroianni. E Fellini. E Rota. Mastroianni actuou ás ordes de máis directores de cine que Fellini, pero o cine de Fellini, sen a música de Nino Rota, non é o mesmo. Mastroianni, Fellini, Rota. Vaia trio! *In memoriam Mastroianni* (e Fellini) e para lle pedir a Rota que sega a encher pentagramas de máxica e de obsesión, tocamos hoxe *A pasarela do adeus*, o tema recurrente do tiovivo de *Otto e mezzo*, a música de requiem (!) nos funerais de Marcello. O tiovivo xira e xira sen parar. Como a Banda.

I

**Polka de Ana** ..... Johann Strauss

**Tannhäuser (Coro de Peregrinos)** ..... R. Wagner

**Finländia** ..... J. Sibelius

II

**Robin Hood (I do it for you)** ..... Bryan Adams

(Arr.: Ron Sebregts e Hernán Naval)

**Piensa en mi (Bolero)** ..... Agustín Lara

(Arr.: Hernán Naval)

**La passerella di addio** ..... Nino Rota

(Da banda sonora de *8½*)

**Agüero (Paso-dobre)** ..... José Franco

HERNÁN NAVAL

Director